

CONVOCATORIA

Definición

Documento por medio do cal se lle pide a alguén que asista a unha reunión nunha hora, unha data e un lugar determinados.

Estrutura e redacción

1. Identificación da entidade que convoca

Os datos da identificación da entidade son o nome e o enderezo. O máis frecuente é que estes datos xa aparezan en cabeceiras impresas para este tipo de documentación.

2. Destinatario/a

Debe figurar o nome e apelidos da persoa destinataria da convocatoria xunto co seu enderezo. Estes datos irán aliñados á esquerda, como se indica no esquema.

3. Convocatoria

Tras identificar o documento, inserindo a palabra CONVOCATORIA destacada do resto do texto, introduciremos os contidos a través dunha fórmula como a seguinte:

Comprácame convocalo/a...

Convócoo/a...

A continuación é preciso especificar os datos relacionados coa convocatoria, é dicir, o órgano que convoca e o obxectivo da reunión xunto con outros datos que puideran ser relevantes.

Deben aparecer claramente, se é preciso en parágrafos independentes, o día, lugar e hora da reunión.

4. Orde do día

Se existe unha orde do día para tratar na reunión para a cal se realiza a convocatoria, os puntos previstos transcribíranse numerados; habitualmente o primeiro punto adoita ser:

1.Lectura e aprobación da acta da sesión anterior.

E o último punto da orde do día normalmente é:

5.Quenda aberta de intervencións.

6. Fórmula final

Se resulta adecuado para o carácter do documento, a persoa que convoca expresa que desexa contar coa asistencia da persoa convocada.

7.Lugar e data

Á hora de redactar a data cómpre lembrar:

- A poboación nunca vai precedida da preposición *en*.

- O día do mes e o ano exprésanse en cifras (*12 de xaneiro de 2011*) e sen a preposición *a*.
- Os meses escríbense coa inicial en minúscula, o mesmo que os días de semana (*xaneiro*).
- As cifras que expresan anos non levan punto (*2009*).

8. Sinatura

A sinatura completa consta de:

- Identificación funcional (cargo) precedida do artigo
- Rúbrica
- Identificación nominal (nome e apelidos)